

Luz Pozo Garza. *Vida secreta de Rosalía*

Andrés Pociña

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

POCIÑA, ANDRÉS (2012 [1997]). “Luz Pozo Garza. *Vida secreta de Rosalía*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1996, 251-254. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1637>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

POCIÑA, ANDRÉS (1997). “Luz Pozo Garza. *Vida secreta de Rosalía*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1996, 251-254.

* Edición dispoñíbel desde o 17 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

LUZ POZO GARZA. *VIDA SECRETA DE ROSALÍA*

Andrés Pociña

Luz Pozo Garza. *Vida secreta de Rosalía*
A Coruña: Edicións Espiral Maior

A estas alturas, cando sae á luz este novo libro de versos titulado *Vida secreta de Rosalía*, sería posible xa facer unha historia do que a grande poeta de Santiago leva significando, desde hai moitos anos, na poética de Luz Pozo Garza. En efecto, se a miña información non ten lagoas (cousa máis que posible), a primeira vez que Rosalía de Castro se converte en tema central de versos de Luz é no ano 1971, na revista *Grial*, onde aparecen cinco composicións, baixo a denominación común de “Poemas en cinco lembranzas pra Rosalía”; cada un deles ten un título particular, “Hai unha voz”, “Benzoada”, “Biografía”, “Orelas da soedade”, “Cantiga funeral de Padrón”. Xa naquela ocasión Luz Pozo, que aínda non publicara esa obra tan representativa na súa evolución literaria que ía ser *Verbas derradeiras* (1976), alcanza uns sorprendentes niveis de perfección formal unidos a unha inmesurable forza lírica e emotiva con pezas como a que principia deste xeito:

Campanas de Bastabales,
tocade por Rosalía.
Tocade.

Xa non chove miudiño.
Xa non choven orballadas.
Choven negras soedades.
Chorade por Rosalía.
Chorade. [252]

Que vai de door ferida.
Por un agoiro de mágoas.
Sen arrimo. Sen adaxe.
Soade.

Todos estes poemas, agás o titulado “Orelas da soedade”, xunto con dous novos, “Bébeda” e “Preguntas a Rosalía”, aparecerán agrupados baixo o nome de “Verbas a Rosalía” en 1981, nun dos libros que a crítica é unánime en considerar como fundamental na escrita poética de Luz, *Concerto de outono*.

Anos despois, con motivo de celebrarse o centenario do pasamento de Rosalía, Xesús Alonso Montero publica unha xa famosa *Coroa poética para Rosalía de Castro* (1985), na que aparece un novo poema de idéntica inspiración, “Falando a Rosalía”, que iría formar parte ó ano seguinte do libro probablemente máis coñecido de Luz Pozo, *Códice Calixtino*.

Pero non é iso só: tamén na outra compoñente fundamental da escrita de Luz, isto é, a da investigación e crítica literaria, o tema de Rosalía ocupa un lugar de importancia, con traballos dedicados a eséxese da “Negra sombra”, como o publicado na Revista *Nordés*, dirixida por ela, precisamente nun número especial sobre Rosalía (1975), ou o que apareceu anos despois en *Grial* (1987). Queda claro, daquela, o rosalianismo fondo e significativo da escritora de Ribadeo, na que evidentemente Rosalía resulta ser un fundamental “punto de referencia ideolóxico-literario”, como dixo Kathleen March (*Congreso de Rosalía*, 1986) referíndose precisamente a Pozo e a outras escritoras galegas actuais, en concreto Pura Vázquez, Xohana Torres, María do Carme Kruckenberg, Ánxeles Penas e Xaquina Trillo.

Agora vai Luz Pozo un pouco máis lonxe, e publica todo un libro de poemas inspirados por Rosalía, unha auténtica “vida secreta” da poeta, que vén ser unha maneira de sentila, de interpretala, de converter a súa vida e a súa obra en tema poético. Había libros de versos que tiñan un certo parecido con este, no sentido de estar dedicados por completo a Rosalía: de 1954, publicado por Edicións Galicia de Bos Aires, é un *Libro de canciones para Rosalía de Castro* do arxentino González Carbalho; de 1985 o de Helena Villar Janeiro *Rosalía no espello*. Sen embargo, esta é a primeira vez na que realmente a interpretación da vida e da escrita de Rosalía son en si mesmas o obxecto directo de interpretación poética. Cómpre dicir que estou a escribir esta nota no mes de decembro de 1996, case un mes despois de ter asistido á lectura do discurso de recepción de Luz Pozo Garza na Real Academia Galega, o día 29 de novembro pasado, titulado *Diálogos con Rosalía*; digo isto porque cantas persoas estabamos alí presentes, tivemos a ocasión de escoitar de qué modo o Académico Xesús Alonso Montero, na súa Contestación, subliñaba a singularidade do discurso presentado por Luz, segundo el unha “interpretación de Rosalía feita, non desde as premisas discursivas do ensaio ou das técnicas da crítica, senón desde os enunciados da mesma poesía”. Pois ben, ese discurso de Luz consistía fundamentalmente en glosar un número importante de aspectos de Rosalía e da súa obra por medio dos poemas deste libro *Vida secreta de Rosalía* que comento.

A obra é un tesouro, entre outras cousas, para os e as amantes da intertextualidade: nada novo direi se lembro a inesgotable cultura literaria de Luz Pozo Garza, coñecedora e finísima catadora de todas as poesías, desde as clásicas de Grecia e Roma, polas que sente fonda devoción, coñece de memoria e recita nas súas versións orixinais, ata as máis recentes de calquera punto da xeografía uni-**[253]**versal. E intertextualmente comeza o libro, con dúas pezas clásicas do rosalianismo poético, “A Rosalía de Castro” de Luís Pimentel (versión castelá), e “Canzón de cuna pra Rosalía Castro, morta” de Federico García Lorca. Vén logo, illado, o poema “Unha camelia agora...”, homenaxe da poeta de arestora á poeta de sempre. Despois, varios poemas, en número cambiante, agrupados temáticamente: “A fábula da vida”, “Xardín do Pazo”, “En San Domingo de Bonaval”, “Mar insumiso”, “O nome da Rosa”, “O que acorda de nós”.

O conxunto está pensado como unha vida de Rosalía, pero non como unha biografía, pois estamos agora ante a Luz poeta, non a Luz investigadora da literatura. Temos, por exemplo, un poema primeiro que comeza lembrando con exactitude o bautizo da grande escritora:

INSCRIPCIÓN DA MENIÑA ROSALÍA
ás dúas da mañá do 24 de febreiro
no hospital real de Santiago de Compostela.

Pero dito iso, xa todo será a expresión poética de como interpreta Luz Pozo que tivo que ser aquela noite, toda chuvia, cousa normal, pero cunha chuvia contada cunha sensibilidade absolutamente fóra do común:

Chovía en desamparo
Chovía en desespero
Chovía sucesivo en Compostela
Chovía mesmo cómplice do pranto

E da chuvia pasa a poeta a esa noite de Santiago, tan igual coma calquera outra noite dun febreiro compostelán de calquera ano, e tan diferente de todas as noites anteriores e de todas as noites por vir. É a noite da inscrición bautismal de Rosalía, e soamente unha grande poeta pode vela deste modo, como sen dúbida tivo que ser:

As camelias morrían dunha dor cenital na Ferradura
Por lousas e vitrales
chovía desleigado coma tedio
Mesmo na escalinata onde se labra a noite
Onde se pule o tempo como a prata.

Hai un chisco lembrei a intertextualidade neste libro de Luz. Un día, en Lugo, sentíndoa falar da súa propia vida e da súa poesía, comentábame a min outra grande poeta galega, María Xosé Queizán: “esta muller é como a pedra preciosa das poetas galegas”. Refiríase, penso eu, non só á súa inmesurable formación literaria, senón ás consecuencias da mesma, ás venturosas pegadas que o coñecemento de tantos autores e de tantas autoras deixan na poesía de Luz, non por iso menos orixinal. En *Vida secreta de Rosalía* son os versos da santiaguesa os que asoman dunha maneira sorprendentemente axeitada a cada paso:

Era no tempo das afrentas
Ladraban contra ti que camiñabas cáseque sen alento
Tan ferida de pés
Tan ensumida
entre os seixos e as sombras
Tan mergullada na conciencia da mágoa

[254] Teñen eses versos algo que está sen dúbida no famoso poema de *Follas novas*, pero que a min non me importa confesar que é un algo do que non me tiña decatado nunca, malia ter lido os versos rosaliáns ducias de veces. Noutras ocasións, en cambio, unha descrición puntual dunha realidade gaña unha altura poética que transforma esa realidade, coma cando describe Luz o xardín do Pazo, que é loxicamente a Casa da Matanza. De so-cato a poeta dedica nada menos que sete poemas a unha descrición aparentemente física do xardín de Rosalía, pero algo pasa, e quen le os versos decátase das plantas que hai nel (couselos, fumaria, dentes de león, feitos, hortensias, violetas, un salgueiro, pasionarias, un camelio, roseiras, margaridas, cabrifollos, madresilvas), pero sobre todo das que non hai (gladiolos, lilios, glicinias, gardenias, palmeiras, aves do Paraíso); dos paxaros que

hai (a cotovía, o malvís, rulas, pequenechos paxaros), pero sobre todo dos que non hai (as oropéndolas). Son sete poemas dedicados á descrición dun xardín, con flores e paxaros, que de forma sorprendente amosan que tamén hai outra maneira de cantar “as pombas e as frores”: o milagre poético que consegue Luz nestes versos consiste en amosar de xeito acertadísimo a ánima e o ánimo de Rosalía por medio da descrición do seu xardín:

Había margaridas no xardín do teu Pazo
E dicías nun verso que falabas coas fontes
Unha muller petaba na porta cun meniño
“.. escribo ¿para qué?
¡Volvédeme ó mais fondo da alma...”
Sabías que non hai máis que amor ás criaturas
Non había gardenias
Non había glicinias
Mágoas quedan de sobra
O resto son palabras palabras e palabras...

É unha idea que volve unha e outra vez, e que chega para resumir o sentimento da poeta cando lembra a Rosalía simplemente por pronunciar o nome da Rosa, nun dos máis fermosos poemas deste libro:

Digo o teu nome
e pónseme nos labios unha fábula en sombras
Pequenos reiseñores
Unha rosa ferida
Fragmentos de amargura

Cómpre rematar. Ata agora, *Concerto de outono* (1981), *Códice Calixtino* (1986) e *Prometo a flor de loto* (1992) eran os tres grandes libros de poesía galega que facían de Luz Pozo Garza primeirísima figura das nosas letras. Ninguén poderá definir a esta muller de xeito tan fermoso e adecuado como o fixo Xesús Alonso Montero na Real Academia Galega o 29 de novembro: “singular pentasílabo da nosa poesía”. Igual que a Academia aquel día, a poesía galega está de festa pola publicación deste excelente libro que leva por título *Vida secreta de Rosalía*.